

02/06/2010. CULTURA

Victorino Pérez: “É suicida non reivindicar a Prisciliano”

O escritor analiza na súa última obra a figura do herexe e a súa influencia na cultura galega

ALBERTO RAMOS



Victorino Pérez. Foto TAMARA DE LA FUENTE

“Era un santo, non un herexe dexenerado”. Con esa rotundidade, Victorino Pérez Prieto (Hospital del Órbigo, León, 1954) define a Prisciliano despois de desenvolver un profundo traballo de investigación sobre o mártir e pensador do século IV. Baixo o título ***Prisciliano na cultura galega. Un símbolo necesario*** (Galaxia, 2010), Victorino Pérez Prieto redescobre a figura de Prisciliano e a súa influencia na cultura do noso país. Este investigador e profesor das Universidades de Santiago e da Coruña presentou onte na compostelá Librería Couceiro esta obra que xa se pode considerar un dos grandes títulos de referencia para achegarse á figura de Prisciliano. Acompañado por Víctor Freixanes e Manuel Rivas, Pérez Prieto explicou as claves desta mítica figura da nosa historia.

O título da súa obra suxire de entrada unha preguntan tan xenérica como profunda. Que significa Prisciliano para a cultura galega?

Significa un home do século IV que, nacido ou non en Galicia, foi na nosa terra onde realizou o seu labor, a súa prédica. Particularmente realizou ese labor entre os galegos até un punto que despois da súa morte o seu pensamento durou séculos. Os alicerces da cultura galega, cando nin sequera existía o galego como lingua, están en Prisciliano, unha figura con gran repercusión xa non só en Iberia, tamén Europa. Non reivindicalo é para Galicia un acto suicida.

De que xeito se reivindica nesta obra a Prisciliano?

O libro cumpre un dobre obxectivo nese sentido. O primeiro é realizar un achegamento serio e científico a Prisciliano, valorando o que podemos construír metodoloxicamente da súa historia. O segundo é valorar, ao mesmo tempo, a dimensión simbólica e mítica de Prisciliano. Por que Prisciliano é un símbolo necesario? Porque Galicia precisa símbolos. Todos os pobos –e máis un pobo sen estado– defende a súa identidade máis con símbolos que con discursos. A identidade galega podémola defender dende a súa cultura e a súa idiosincrasia.

Prisciliano foi unha figura silenciada e maltratada durante séculos. Despois de tanto silencio ao seu redor, cales son os grandes enigmas que aínda quedan pendentes?

O primeiro é a confusión que hai no sentido de diferenciar o que é Prisciliano do que é o priscilianismo que houbo despois da súa morte. O seu pensamento ía por un proxecto de Igrexa con raíces no Evanxeo e máis próximo á que buscaba Cristo, moi diferente da xerarquía

no catolicismo que foi nacendo co casoiro entre a Igrexa e o Imperio. Logo, todo iso tivo un carácter popular que foi deslindando o pensamento. Por exemplo, non hai moito fixéronme unha pregunta que era: Prisciliano, o último druída? Pois non. El, durante a mocidade, tivera unha relación co druidismo, pero abandonouno cando se converteu ao cristianismo. Cando se lle acusa de ser astrólogo ou maniqueo non se é fiel á realidade.

Se está enterrado ou non na Catedral de Santiago segue a ser un enigma?

Como teño escrito no libro, é imposible garantir que a tumba de Prisciliano estea nos alicerces da Catedral. É imposible aseguralo, pero o que si que podemos dicir con seguridade é que foi enterrado en Galicia con grandes cerimoniais. Hai outro elemento do que estou seguro e outros investigadores tamén: que a memoria xacobeo subsumiu a memoria priscilianista, unha memoria dun mártir executado de forma inxusta. Ese cambio foi construído a partir dunha serie de intereses políticos e económicos. Agora ben, nada máis lonxe da miña intención meterme co Camiño de Santiago, que é unha gran riqueza espiritual e cultural, pero a verdade é que a maioría de peregrinos non terían problemas se lle dixeran que non é o Apóstolo, que é Prisciliano o que alí está. Cambiar un mártir por outro non significaría realmente un problema porque Prisciliano era un santo, non un herexe dexenerado. O culto pola riqueza xa non é como o de antes e o importante do Camiño está na espiritualidade.

Como se analiza no seu libro a pegada de Prisciliano na cultura galega?

Hai tres grandes capítulos sobre o tema. O primeiro céntrase na Ilustración, no Romanticismo, naquela época de detractores furibundos como o cura de Friume, o Padre Sarmiento ou Antonio López Ferreiro, o gran historiador, que insultou moitísimo a Prisciliano, chamouno mesmo miasma metafísica. A segunda parte céntrase na xeración Nós. Otero Pedrayo cualificábo de mártir simbólico e Risco falou del como dun persoeiro fundamental, aínda que despois da Guerra Civil achegouse ao ultracatolicismo e definiuno como herexe. Castelao, pola súa banda, falou de Prisciliano como símbolo de Galicia e considérao como o primeiro inmortal galego. Na terceira parte fálase dende a xeración Nós até a actualidade.

Como foi o proceso de investigación?

Podemos dicir deste libro moitas cousas, pero non que sexa precipitado. O meu interese por Prisciliano vén polo meu achegamento a Pedrayo. Por outra banda, participei ao longo dos anos en simposios sobre o tema. Foi un proceso longo, pero hai tres anos decidín facer un libro documentado, con teses discutibles, pero serias. Ademais, este verán asistirei en Ortigueira os días 13, 14 e 15 de xullo a un curso sobre Prisciliano no que se debaterá sobre a súa figura.